



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Intervención con adolescentes expostos/as a violencia de xénero

CONVOCATORIA: CIM, convocatoria

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Consellería de Política Social e Igualdade: Igualdade

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	13
ADMINISTRACIÓN:	AU LO CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	2

DATA MATRÍCULA: Do 24/03/2026 - 09:00h ao 30/03/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

Comprender o impacto da violencia de xénero na adolescencia, especialmente na desregulación emocional, os silencios, as lealdades e a dificultade para mentalizar.

Dotar ás profesionais que atenden ás vítimas de criterios para detectar sinais de risco e interpretar a función das condutas problemáticas.

Traballar ferramentas para construír unha alianza terapéutica segura e eficaz, restaurando seguridade e capacidade de reflexión.

Incorporar estratexias prácticas de regulación emocional e abordaxe de condutas de risco.

Integrar o traballo sobre identidade, repetición e relación coa figura coidadora para favorecer reparación e recuperación.

DESTINATARIOS

Persoal dos Centros de Información á Muller de Galicia (CIM); do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero (CRI); do Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero (CEMVI); persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que presta servizos na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade ou nas unidades administrativas de igualdade dos Departamentos Territoriais das Delegacións da Xunta de Galicia; persoal das Oficinas de Atención á Vítima e á Cidadanía de Galicia; persoal das casas de acollida integrantes da Rede galega de acollemento e persoal das entidades integrantes da Rede galega contra a trata.

PROGRAMA

Módulo 1: Adolescencia, violencia e desregulación: comprender antes de intervir

Módulo 2: Lealdades invisibles, silencios e colapso da mentalización

Módulo 3: Alianza terapéutica con adolescentes: restaurar seguridade e mentalización

Módulo 4: Regulación emocional e condutas de risco: función e abordaxe

Módulo 5: Identidade, repetición e traballo coa figura coidadora

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Por de orde de inscrición entre o persoal destinatario consonte a seguinte preferencia:

1º. Persoal dos Centros de Información á Muller de Galicia (CIM)

2º. Persoal do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero (CRI)

3º. Persoal do Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero (CEMVI)

4º. Persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que presta servizos na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e na Dirección Xeral de Promoción da Igualdade ou nas unidades administrativas de igualdade dos Departamentos Territoriais das Delegacións da Xunta de Galicia

5º Persoal das Oficinas de Atención á Vítima e á Cidadanía de Galicia

6º Persoal das casas de acollida integrantes da Rede galega de acollemento

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA1		
LOCALIDADE: TELEPRESENZA		INICIO / FIN: 23/04/2026 a 07/05/2026
NUM. PRAZAS: 50	ESTADO: NORMAL - (SELECCIÓN DISP.)	DATA EXAME: 07/05/2026 ás 12:00h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
<p>Sala telepresenza: Os días 23, 29 e 30 de abril de 09:30 a 12:00. https://egap.xunta.gal/aulavirtual</p> <p>Sala telepresenza: Os días 06 e 07 de maio de 09:30 a 12:00. O día 07 de maio de 12:01 a 12:30. https://egap.xunta.gal/aulavirtual</p> <p>Proba final en liña.</p>		

TELEPRESENZA2		
LOCALIDADE: TELEPRESENZA		INICIO / FIN: 10/06/2026 a 29/06/2026
NUM. PRAZAS: 50	ESTADO: NORMAL	DATA EXAME: 29/06/2026 ás 19:00h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
<p>Sala telepresenza: Os días 10, 15, 18, 22 e 29 de xuño de 16:30 a 19:00. O día 29 de xuño de 19:01 a 19:30. https://egap.xunta.gal/aulavirtual</p> <p>Proba final en liña.</p>		